

## IMPRESO 2

### DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN

(A CUBRIR POLA PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN)  
 ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL

#### DECLARACIÓN

**A PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Ningún dos propietarios da vivenda /local ou responsables das obras está incurso en ningunha clase de prohibición para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da lei 38/2013 do 17 de Novembro, lei xeral desubvencións.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º g) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11 / 2009, do 8 de xaneiro.
5. Que non se revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.
6. Que a persoa solicitante cumpre todos os requisitos legais para ser beneficiario.
7. Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente pagamento e Ninguna outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

**AUTORIZACIÓNS:**

Declaro que a documentación e os datos que achego a este procedemento de subvención están vixentes. Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, de conformidade co artigo 53.1.c) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos e documentos achegados.

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar no Servizo de Verificación e Consulta de Datos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital os datos de identidade que achego, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:**

Consente o disposto no ordinal Cuarto da RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2020 do IGVS, que regula estas axudas, os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exigida do procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

O Concello de Ferrol, como encargado do tratamento dos datos na presente convocatoria por conta da administración responsable, acadará os datos indispensables para a xestión desta, que se incorporarán a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

**SINATURA DA PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN**

NOME E APELIDOS

NIF

Lugar e data

 ,  de  de 

**SINATURA**